

O goberno local de Redondela amosa estar do lado de Audasa ao non convocar a comisión de seguimento da AP-9

Os grupos políticos da oposición denuncian a ocultación de información sobre as obras da AP-9 por parte do PP de Redondela

Ante a gravidade dos feitos acontecidos en Cabanas coa ampliación da AP-9 (traslado de pezas de gran tonelaxe por enriba de vivendas sen ningún tipo de seguridade para os seus residentes, ocupación de terreos particulares sen permiso e diversos danos materiais sobre terceiros), a Agrupación de Electores de Redondela e o PsdeG-Redondela solicitaron por rexistro a convocatoria urxente da Comisión de Seguimento das Obras de Ampliación da AP-9; petición que tamén ten solicitado a Asociación de Afectados da AP-9. Esta Comisión de Seguimento non se convoca dende o 28 xuño, a pesar das numerosas demandas da veciñanza e dos grupos políticos da oposición polo incremento dos problemas xerados por esta ampliación. O equipo de goberno do PP prefire ter reunións bilaterais coa UTE e Audasa antes de convocar unha comisión onde estean incluídos todos os grupos políticos da corporación e a veciñanza.

Fomento e Audasa, co consentimento do PP, seguen negando información tanto nas comisións celebradas como nos rexistros presentados neste Concello. Dende os grupos políticos da oposición non se entende que o Grupo Municipal do PP presuma de transparencia cando non convoca a comisión e oculta información.

Redondela, a 13 de outubro de 2016